

Programa municipal de conciliación de Nadal 2018

Estimada/o amiga/o

O venres 16 de novembro de 2018 abriuse o prazo de inscrición no Programa de Conciliación laboral e familiar de Nadal 2018, organizado polo Departamento de Educación e Cidadanía.

Este programa concíbese como un espazo educativo e de promoción do lecer, ademais de ser unha alternativa de conciliación para as familias no tempo de vacacións do Nadal. Está dirixido a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. As actividades desenvolveranse os días 24, 26, 27, 28 e 31 de decembro de 2018, e 2, 3, 4 e 7 de xaneiro de 2019 nos CEIP Monte dos Postes e CEIP Raíña Fabiola, de alcanzarse o número mínimo de participantes requirido.

Poden participar nenos e nenas empadroados no Concello de Santiago de Compostela ou que cursen estudos en centros de educación infantil e primaria de Santiago de Compostela, con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. Teñen a opción de escoller entre participar todos os días do programa ou en días soltos.

A inscrición realizarase a través Rexistro Xeral do Concello de Santiago (rúa Presidente Salvador Allende, 4), ou no rexistro auxiliar do Centro Sociocultural o Ensanche (Rúa de Frai Rosendo Salvado, 14-16) cubrindo o formulario dispoñible nesta web, no Departamento de Educación e Cidadanía ou no propio rexistro. A admisión será por rigorosa orde de inscrición.

O prazo de inscrición estará aberto dende o **venres día 16 de novembro** ata o **venres 30 de novembro de 2018**.

O horario será de 7:45 a 16:00 horas. O servizo de madrugadores funcionará de 7:45 a 9:00 horas e poderá ser con ou sen almorzo. De 9:00 a 14:00 horas realizaranse os obradoiros e actividades. Finalmente, entre as 14:00 e as 16:00 horas, existe a posibilidade de solicitar o uso do servizo de comedor.

Prégoche que difundas, se es tan amable, esta información dentro da comunidade educativa da cal formas parte. Podes atopar máis detalles, no texto explicativo que se acompaña, así como a ficha de inscrición no programa.

Grazas de antemán pola túa colaboración.



Manuel Dios Diz
Concelleiro delegado de Educación e Cidadanía

Máis información:

Departamento de Educación e Cidadanía
Edificio CERSIA
Rúa Alcalde Raimundo López Pol, s/n-San Lázaro
Tfnos.: 981 554 400/401 Fax: 981 571 511
dptoeducacion@santiagodecompostela.gal; www.santiagodecompostela.gal